5/178 **RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE ALZADA INTERPOSTOS CONTRA A RESOLUCIÓN DITADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A CATRO PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa da Sección de Organización de Recursos Humanos, do 24 de abril de 2026, conformado pola tenenta de alcalde delegada da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

- “Visto o Acordo número 10/759 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado na sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2021.

- Visto o Acordo número 11/590 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2022, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2022.

- Visto o Acordo número 4/936 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2023.

- Visto o Decreto número 2630/2024, do día 21 de marzo de 2024, ditado polo Ilmo. Sr. tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos do Concello de Lugo mediante o cal se convocou o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 12 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, 10 en quenda de acceso libre (OEP 2021, OEP 2022 e OEP 2023) e 2 en quenda de acceso libre reservadas a persoas con discapacidade (OEP 2021 e OEP 2023), publicado no BOP de Lugo número 86, do 13 de abril de 2024.

- Visto o Decreto número 3334/2025, do 3 de abril de 2025, polo que se resolve aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo correspondente a 10 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OEP 2021, OEP 2022 e OEP 2023), convocado polo Decreto Nº: 2630/2024.

- Visto o Decreto número 9777/2025, do 20 de outubro de 2025, polo que se resolve a aprobación lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2630/2024 10 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2021, OEP 2022 e OEP 2023).

Firmado por: ***393*** - MIGUEL FERNANDEZ MENDEZ (FECHA: 2026-04-30 16:01:40.00) , ***419*** - RUBEN ARROXO FERNÁNDEZ (FECHA: 2026-04-30 16:00:55.00) , ***393*** - JUSTO DIAZ RODRIGUEZ (FECHA: 2026-04-30 14:20:16.00)

CVD: OwUSEdoWMnLsZv1c1vsj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



MURALLA
patrimonio da humanidade

**-** Visto o Acordo número 3/457 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo na sesión celebrada o día 12 de novembro de 2025 sobre "DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A 10 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO QUENDA LIBRE (OEP 2021, 2022 e 2023)".

**-** Visto o Acordo número 1/502 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP).

**-** Celebrado o primeiro exercicio do proceso selectivo correspondente ás 4 prazas en quenda de acceso libre o día 10 de febreiro de 2026, ás 10.00 horas no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo (avenida dos Deportes, s/n, 27004 Lugo).

**-** Vista a acta de avaliación do primeiro exercicio do proceso selectivo do 13 de febreiro de 2026.

**-** Vista a acta de revisión do primeiro exercicio do proceso selectivo do 25 de febreiro de 2026 pola que se resolve rectificar o erro producido polo tribunal na publicación do patrón de corrección respecto da pregunta nº 9 e a anulación da pregunta nº 6 substituíndoa pola primeira pregunta de reserva.

**-** Visto o recurso de alzada presentado por dona Tatiana López Casanova, do data 28 de marzo de 2026, presentado en tempo e forma fundamentado en erro material na puntuación que lle foi asignada.

**-** Visto o recurso de alzada presentado por dona Karin Mago Marcano, do 1 de abril de 2026, presentado en tempo e forma fundamentado en erro material padecido na súa puntuación definitiva.

**-** Vista a acta do tribunal cualificador, do 10 de abril de 2026, relativa aos recursos de alzada interpostos por dona Tatiana López Casanova e dona Karin Mago Marcano, contra a resolución ditada polo tribunal cualificador que figura recollida na acta do 25 de febreiro de 2026, publicada o día 4 de marzo de 2026 do teor literal seguinte:

*"Ás 9:00 horas da mañá do día 10 de abril de 2026, na dependencia municipal do Servizo de Enxeñeria Municipal, sita no 4º andar do inmoble número 197 da Ronda da Muralla, reúnense os membros do Tribunal cualificador, que a continuación se relacionan, da convocatoria do referido proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade de catro prazas de auxiliar administrativo/a*

*pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2023), que se rexe polas bases específicas aprobadas polo Acordo da Xunta de Goberno Local do Concelllo de Lugo nº 13/54, na sesión ordinaria celebrada o día 21 de febreiro de 2024, modificadas polo Acordo número 16/118, do 13 de marzo de 2024, de aprobación das bases específicas reguladoras do referido proceso selectivo que tivo lugar o día 10 de febreiro de 2026 no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, sito na Avenida dos Deportes s/n, C.P. 27004, Lugo, co obxecto de formular a correspondente proposta de resolucón do recurso de alzada interposto por dona Tatiana López Casanova e por dona Karin Mago Marcano, coa asistencia dos seguintes membros que a continuación se relacionan:*

*Presidente: Don Jesús Rey Modia, arquiveiro do Excmo. Concello de Lugo.*

*Vogais: Dona Marta Jesús Otero López, Directora da Escola Infantil Gregorio Sanz do Concello de Lugo*

*Don Carlos Barguieras Vázquez, Xefe de Negociado delineante do Concello de Lugo.*

*Dona María Nieves Mourenza Vázquez, Xefa de Grupo do Concello de Lugo.*

*Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez, Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.*

*Reunido o Tribunal no lugar e data mencionados anteriormente, procedese a dar lectura do recursos de alzada interpostos por dona Tatiana López Casanova e por dona Karin Mago Marcano, contra a resolución ditada por este Tribunal polo que se resolveron as reclamacións presentadas polos aspirantes a avaliación do primeiro exercicio do referido proceso selectivo que figura recollido na acta do 25 de febreiro de 2026, publicada o día 4 de marzo de 2026, asi como a emitir o presente informe proposta sobre as cuestións plantexadas polas recorrentes nos seus respectivos recursos de alzada presentados, con fundamento nas consideracions que a continuación se pasan a expoñer.*

*A recorrente, dona Tatiana López Casanova fundamenta o seu recurso de alzada interposto o día 28 de marzo de 2026 no feito de considerar que tras a revisión da plantilla de respostas correctas do primeiro exercicio realizado observa que hai un erro material na súa puntuación asignada segundo os seus cálculos argumentando que as preguntas números 6 e 9, nas cales se modificou a resposta lle facvorecen ambalas dúa na puntuación obtida, considerando que a súa puntuación correcta e a 7 de puntos en vez de 6,75 que lle figura atribuida.*

*Analizada as argumentacions invocadas pola recorrente, este Tribunal propón a súa desestimación por canto a puntuación correcta obtida pola referida opositora e de 6,75 puntos, o responder a 28 preguntas correctas, 4 erróneas e 8 preguntas en blanco.*

*Polo que atinxe ó recurso de alzada interposto por dona Karin Mago Marcano no que solicita que se corrixa o erro material padecido na puntuación definitiva atribuida no primeiro exercicio realizado no presente proceso selectivo o ser a súa puntuación correcta a de 8, 25 puntos no lugar de 8 puntos que figuran na acta publicada o dia 4 de marzo de 2.026, este Tribunal propón a su estimación procedendo a correción do erro padecido, sendo a puntación correcta acadada pola referida opositora a de8,25 puntos.*

*Con base no anteriormente exposto, este Tribunal por unanimidade acorda propoñerlle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro.-** Desestimar o recurso de alzada interposto o día 28 de marzo de 2026 por dona Tatiana López Casanova, por canto puntuación acadada tras a revisión do primeiro exercicio realizado e a de 6,75 puntos que lle figura atribuida na acta publicada o día 4 de marzo de 2.026.*

***Segundo.-** Estimar o recurso de alzada interposto o día 1 de abril de 2.026 por dona Karin Mago Marcano por canto a puntuación acadada tras a revisión do primeiro exercicio realizado e a de 8,25 puntos.*

*E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, levántase a presente Acta ás 10:00 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico”.*

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de alzada interposto o día 28 de marzo de 2026 por dona Tatiana López Casanova, por canto a puntuación acadada tras a revisión do primeiro exercicio realizado é a de 6,75 puntos que lle figura atribuída na acta publicada o día 4 de marzo de 2026.

SEGUNDO.- Estimar o recurso de alzada interposto o día 1 de abril de 2026 por dona Karin Mago Marcano por canto a puntuación acadada tras a revisión do primeiro exercicio realizado é a de 8,25 puntos.

TERCEIRO.- Darlles traslado ás interesadas coa indicación de que este acordo pon fin á vía administrativa, e que contra esta, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ante o xulgado desta orde en Lugo, poderán interpoñer recurso no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación.

5/178 **RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE ALZADA INTERPOSTOS CONTRA A RESOLUCIÓN DITADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A CATRO PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa da Sección de Organización de Recursos Humanos, do 24 de abril de 2026, conformado pola tenenta de alcalde delegada da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

**-** “Visto o Acordo número 10/759 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado na sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2021.

**-** Visto o Acordo número 11/590 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2022, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2022.

**-** Visto o Acordo número 4/936 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2023.

**-** Visto o Decreto número 2630/2024, do día 21 de marzo de 2024, ditado polo Ilmo. Sr. tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos do Concello de Lugo mediante o cal se convocou o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 12 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, 10 en quenda de acceso libre (OEP 2021, OEP 2022 e OEP 2023) e 2 en quenda de acceso libre reservadas a persoas con discapacidade (OEP 2021 e OEP 2023), publicado no BOP de Lugo número 86, do 13 de abril de 2024.

**-** Visto o Decreto número 3334/2025, do 3 de abril de 2025, polo que se resolve aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo correspondente a 10 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OEP 2021, OEP 2022 e OEP 2023), convocado polo Decreto Nº: 2630/2024.

**-** Visto o Decreto número 9777/2025, do 20 de outubro de 2025, polo que se resolve a aprobación lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2630/2024 10 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2021, OEP 2022 e OEP 2023).

**-** Visto o Acordo número 3/457 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo na sesión celebrada o día 12 de novembro de 2025 sobre "DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A 10 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO QUENDA LIBRE (OEP 2021, 2022 e 2023)".

**-** Visto o Acordo número 1/502 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP).

**-** Celebrado o primeiro exercicio do proceso selectivo correspondente ás 4 prazas en quenda de acceso libre o día 10 de febreiro de 2026, ás 10.00 horas no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo (avenida dos Deportes, s/n, 27004 Lugo).

**-** Vista a acta de avaliación do primeiro exercicio do proceso selectivo do 13 de febreiro de 2026.

**-** Vista a acta de revisión do primeiro exercicio do proceso selectivo do 25 de febreiro de 2026 pola que se resolve rectificar o erro producido polo tribunal na publicación do patrón de corrección respecto da pregunta nº 9 e a anulación da pregunta nº 6 substituíndoa pola primeira pregunta de reserva.

**-** Visto o recurso de alzada presentado por dona Tatiana López Casanova, do data 28 de marzo de 2026, presentado en tempo e forma fundamentado en erro material na puntuación que lle foi asignada.

**-** Visto o recurso de alzada presentado por dona Karin Mago Marcano, do 1 de abril de 2026, presentado en tempo e forma fundamentado en erro material padecido na súa puntuación definitiva.

**-** Vista a acta do tribunal cualificador, do 10 de abril de 2026, relativa aos recursos de alzada interpostos por dona Tatiana López Casanova e dona Karin Mago Marcano, contra a resolución ditada polo tribunal cualificador que figura recollida na acta do 25 de febreiro de 2026, publicada o día 4 de marzo de 2026 do teor literal seguinte:

*"Ás 9:00 horas da mañá do día 10 de abril de 2026, na dependencia municipal do Servizo de Enxeñeria Municipal, sita no 4º andar do inmoble número 197 da Ronda da Muralla, reúnense os membros do Tribunal cualificador, que a continuación se relacionan, da convocatoria do referido proceso selectivo mediante o sistema de*

*oposición para o acceso en propiedade de catro prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2023), que se rexe polas bases específicas aprobadas polo Acordo da Xunta de Goberno Local do Concelllo de Lugo nº 13/54, na sesión ordinaria celebrada o día 21 de febreiro de 2024, modificadas polo Acordo número 16/118, do 13 de marzo de 2024, de aprobación das bases específicas reguladoras do referido proceso selectivo que tivo lugar o día 10 de febreiro de 2026 no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, sito na Avenida dos Deportes s/n, C.P. 27004, Lugo, co obxecto de formular a correspondente proposta de resolucón do recurso de alzada interposto por dona Tatiana López Casanova e por dona Karin Mago Marcano, coa asistencia dos seguintes membros que a continuación se relacionan:*

*Presidente: Don Jesús Rey Modia, arquiveiro do Excmo. Concello de Lugo.*

*Vogais: Dona Marta Jesús Otero López, Directora da Escola Infantil Gregorio Sanz do Concello de Lugo*

*Don Carlos Barguieras Vázquez, Xefe de Negociado delineante do Concello de Lugo.*

*Dona María Nieves Mourenza Vázquez, Xefa de Grupo do Concello de Lugo.*

*Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez, Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.*

*Reunido o Tribunal no lugar e data mencionados anteriormente, procedese a dar lectura do recursos de alzada interpostos por dona Tatiana López Casanova e por dona Karin Mago Marcano, contra a resolución ditada por este Tribunal polo que se resolveron as reclamacións presentadas polos aspirantes a avaliación do primeiro exercicio do referido proceso selectivo que figura recollido na acta do 25 de febreiro de 2026, publicada o día 4 de marzo de 2026, asi como a emitir o presente informe proposta sobre as cuestións plantexadas polas recorrentes nos seus respectivos recursos de alzada presentados, con fundamento nas consideracions que a continuación se pasan a expoñer.*

*A recorrente, dona Tatiana López Casanova fundamenta o seu recurso de alzada interposto o día 28 de marzo de 2026 no feito de considerar que tras a revisión da plantilla de respostas correctas do primeiro exercicio realizado observa que hai un erro material na súa puntuación asignada segundo os seus cálculos argumentando que as preguntas números 6 e 9, nas cales se modificou a resposta lle facvorecen ambalas dúa na puntuación obtida, considerando que a súa puntuación correcta e a 7 de puntos en vez de 6,75 que lle figura atribuida.*

*Analizada as argumentacions invocadas pola recorrente, este Tribunal propón a súa desestimación por canto a puntuación correcta obtida pola referida opositora e de 6,75 puntos, o responder a 28 preguntas correctas, 4 erróneas e 8 preguntas en blanco.*

*Polo que atinxe ó recurso de alzada interposto por dona Karin Mago Marcano no que solicita que se corrixa o erro material padecido na puntuación definitiva atribuida no primeiro exercicio realizado no presente proceso selectivo o ser a súa puntuación correcta a de 8, 25 puntos no lugar de 8 puntos que figuran na acta publicada o dia 4 de marzo de 2.026, este Tribunal propón a su estimación procedendo a correción do erro padecido, sendo a puntación correcta acadada pola referida opositora a de8,25 puntos.*

*Con base no anteriormente exposto, este Tribunal por unanimidade acorda propoñerlle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro.-** Desestimar o recurso de alzada interposto o día 28 de marzo de 2026 por dona Tatiana López Casanova, por canto puntuación acadada tras a revisión do primeiro exercicio realizado e a de 6,75 puntos que lle figura atribuida na acta publicada o día 4 de marzo de 2.026.*

***Segundo.-** Estimar o recurso de alzada interposto o día 1 de abril de 2.026 por dona Karin Mago Marcano por canto a puntuación acadada tras a revisión do primeiro exercicio realizado e a de 8,25 puntos.*
*E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, levántase a presente Acta ás 10:00 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico".*

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de alzada interposto o día 28 de marzo de 2026 por dona Tatiana López Casanova, por canto a puntuación acadada tras a revisión do primeiro exercicio realizado é a de 6,75 puntos que lle figura atribuída na acta publicada o día 4 de marzo de 2026.

SEGUNDO.- Estimar o recurso de alzada interposto o día 1 de abril de 2026 por dona Karin Mago Marcano por canto a puntuación acadada tras a revisión do primeiro exercicio realizado é a de 8,25 puntos.

TERCEIRO.- Darlles traslado ás interesadas coa indicación de que este acordo pon fin á vía administrativa, e que contra esta, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ante o xulgado desta orde en Lugo, poderán interpoñer recurso no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación.